



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 9 DE ABRIL DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día nove de abril de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPÍNEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 9 de abril de 2025, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202504090900050000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O EXERCICIO 2025

Acceso á videoacta – 00:00:39 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de marzo de 2025 (CVD: enE8IRFmxIOJr1Ay85Cw), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 1 de abril de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de Aprobación do Orzamento xeral 2025 e do Cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2025

Confeccionado o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2025, que inclúe exclusivamente o do Concello e delegado o expediente á interventora para emisión de informe en data 14.02.2025

Visto que a súa estrutura orzamentaria se axusta ás normas contidas na Orde de 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/3565/2008), publicada no BOE número 297, do 10 de decembro, aplicable aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2010 e seguintes, modificada pola OM HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Visto que o estado de gastos recolle os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles durante o ano 2025 e o estado de ingresos as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar.

Visto que o orzamento xeral contén toda a documentación prevista na lexislación vixente:

- a) Memoria da Alcaldía (CVD: 4t8UETBpMcMHfdrH+FGI)
- b) Estado de Ingresos e Gastos (CVD: 7m//71Ypgule0aABrvP+)
- c) Anexo de persoal (CVD: nx/G4Vi18aFvJ4TEWzga)
- d) Anexo da débeda (CVD: L8tS+kJ8cX4ZIo4SUXiT)
- e) Anexo de investimentos (CVD: RiCqx1gApdCBybKjZuns)



- f) Liquidación do orzamento do exercicio 2023 e avance da do exercicio 2024 (CVD: SxOY2LIEFQbJl1T7hID5)
- g) Anexo de Beneficios Fiscais (CVD: WatJaxems62j7JzxHQgv)
- h) Anexo de convenios subscritos coa Comunidade Autonoma en materia de gasto social (CVD: Y778blx0KsMm1zcwhulG)
- i) As bases de execución (CVD: 3uuMoXX9gRmOYhIV/jXd)
- k) Informe económico financeiro (CVD: 1OxyCEx29sPbIMsSCnGK)

Visto que o cadro de persoal debe conter todas as prazas da entidade local debidamente clasificadas, reservadas a funcionarios, persoal laboral e eventual. (CVD: 3tOKcc5hbXkJVEt/GQWA)

Visto o informe de intervención referencia LMR ORZAMENTO 2025 có asunto *INFORME DE INTERVENCIÓN AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE DO EXERCICIO 2025* asinado o 02.03.2025 (CVD: RHL6Gq+QSejfr0T0oxg) coas seguintes conclusións:

“(…) 10.- CONCLUSIONES.

De acordo co anteriormente exposto, conclúese que:

A.- *O expediente contén os documentos e anexos esixidos polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais pero o seu contido, especificamente no que respecta ás bases de execución e ao informe económico-financiero, non se adecua á normativa vixente.*

B.- *A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo proxecto de Orzamentos obxecto deste informe, axustase ó disposto na Orde EHA/3565/2008, 3 de decembro modificada pola OM HAP/419/2014 de 14 Marzo ámbalas dúas dictadas en cumprimento do artigo 167 do RDL 2/2004.*

C.- *O procedemento de aprobación é o descrito no apartado segundo do presente informe correspondendo a súa aprobación ó Pleno da Corporación por maioría simple.*

D.- *O expediente preséntase fóra do prazo establecido no TRLRFL e RD 500/90 (art. 18.4).*

E.- *Dacordo dó indicado no apartado 5 do presente informe son obxecto de **reparo** ás seguintes **bases de execución do orzamento** ao non respectar á normativa vixente:*

- *BASE DÉCIMA: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS: as aplicacións orzamentarias 2025.920.150.00 e 2025.920.151.00 deben ser vinculantes en si mesmas para respectar o disposto nos artigos 5.5 e 6.1 do RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.*
- *BASE VIXÉSIMO TERCEIRA: RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS: a conformidade na correcta execución dunha prestación é unha potestade pública e, como tal, dacordo có artigo 92.3 da LBRL está reservada exclusivamente a funcionarios de carreira. Asemade, aos técnicos municipais se lles está a retribuir no complemento específico polo control de obras, servizos e subministros polo que a externalización de dita tarefa é improcedente. Por outra banda, no que respecta a que a sinatura de conformidade nunha factura poida ser substituída por un informe, a parte de que no caso de non ser concluínte ou ser contradictorio (conformidade técnica pero non aprobación financeira como rezan moitos informes do departamento de obras e servizos), é*

contrario ao principio eficacia e eficiencia que debe presidir a actuación pública posto que comprobar se unha factura contén a sinatura do funcionario responsable é máis rápido que descargar, ler e analizar un informe.

- *BASE TRIXÉXIMO SEGUNDA: CONTROL E FISCALIZACIÓN: a redacción no apartado 1.- NON respecta a literalidade do Regulamento de control interno do Concello de Cambre aprobado polo Pleno da sesión do 04.11.2020.*
- *BASE CUADRAXÉSIMO CUARTA: RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN: Non se axusta á legalidade o apartado 5.- no referido a "...Tratándose de gastos xurídicos, terán dereito a ser resarcidos de todos os gastos nos que incurran por razón do seu cargo..." dado que o principal requisito para que o concello fágase cargo deste gasto é a ausencia de responsabilidade penal do membro da corporación. Asemade, únicamente poerán asumirse os gastos que realmente fosen "necesarios" para o proceso sen que se poidan atender importes abusivos ou excesivos orixinados por intervencións letradas alleas, que haberán de ser excluídos os gastos e aqueloutros cuxo deveño non sexa obrigado.*

Polo tanto, è preceptivo que se definan os supostos específicos que estarían amparados baixo a denominación de "gastos xurídicos", as normas que regulen o seu devengo, o órgano competente e o procedemento de aprobación do gasto así como límites ás cuantías que poderán, no su caso, ser asumidas polo concello coa finalidade de evitar que a redacción da citada base se convirta "nunha autorización do Pleno" aos órganos que, según a distribución de competencias regulada na LBRL, poderían chegar a aprobar gastos non só improcedentes senón tamén por importes que, ao non estar acotados na citada base, poderían acadar calquera cifra có conseguinte quebranto á Facenda Municipal.

- *BASE CUADRAXÉSIMO QUINTA: AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS: deberíanse motivar as razóns de interese público que non permiten ou non fan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia con respecto á proposta de subvencións nominativas.*
- *BASES CUADRAXÉSIMO SEXTA E o BASES CUADRAXÉSIMO SETIMA: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS: chama poderosamente a atención que despois de telo advertido de forma reiterada nos informes de fiscalización referidos a expedientes de concesión de subvencións a beneficiarios que teñen subvencións pendentes de xustificar de exercicios anteriores, a alcaldía propoña a posibilidade de conceder e incluso aprobar o pago dunha subvención sen estar xustificada á do exercicio anterior, coa conseguinte vulneración do artigo 13.2.g) da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.*

F.- *No relativo ao estado de gastos remítome ao informado no apartado 7.A.- e, especificamente, aos **reparos emitidos** nos seguintes capítulos:*

- capítulo 1:

- *cobertura de postos estruturais por vía da interinaxe.*
- *postos de A1 cuxa creación propónse para as áreas de secretaría, intervención e cultura sen consignación orzamentaria cando outros postos que non constan na RPT si aparecen consignados (1 oficiais policía, 1 xefe de policía a maiores do inspector).*
- *créditos consignados na aplicación orzamentaria 920.143.00 (619.308,30 €) que carecen de xustificación no anexo de persoal do exercicio 2025*
- *incremento salarial do 9,5% (3.000,00 €/ ano) para cada unha concellerías delegadas con dedicación exclusiva e parcial.*
- *inexistencia de praza necesaria para a prestación dun servizo obrigatorio xestionado de forma directa polo Concello como é o servizo de cemiterio*



- capítulo 2: os créditos consignados no capítulo 2 de gastos non serían suficientes para asumir o coste da prestación de servizos e subministros no exercicio 2025. A título de exemplo, son insuficientes os créditos consignados para os seguintes servizos:
 - o 2025.231.227.99. O expediente tedec número 2023/C004/000003 referido ao SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR prevé un orzamento base de licitación de 1.950.750,67 €/ano mais na aplicación 1.480.000,00 € a consignación inicial é de 1.480.000,00 €)
 - o 2025.***.227.00. O expediente tedec número 2024/C004/000005 coa denominación SERVIZO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E CENTROS ESCOLARES MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CAMBRE, informado por esta intervención xa en dúas ocasións, ten un orzamento base de licitación de 1.286.725,79 €/ ano pero o sumatorio dos créditos consignados no económico 227.00 (a excepción do referido ao programa 163 limpeza viaria) ascende a 559.010,94 €.
 - o 2025.454.210.00 (38.000,00 €). O expediente tedec número 2023/C004/000007 coa denominación D12-CONTRATACIÓN DE LOS TRABAJOS DE LIMPIEZA, DESBROCE Y DESHERBADO MECÁNICO Y/O MANUAL DE VIAS DE TITULARIDAD MUNICIPAL Y FINCAS EN EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local no prezo anual de 159.500,00 €. Dito contrato foi prorrogado ata o 21.08.2025 por resolución da alcaldía núm. 776/2024 de 21 de xuño.
- capítulo 4: inexistencia de consignación orzamentaria para asumir os custes derivados do cofinanciamento das escolas infantís de O Temple e de A Barcala (2025.323.451.00) e os correspondentes ás achegas ao Consorcio As Mariñas (2025.311.467.00, 2025.943.467.00).

En canto ao estado de ingresos remítome ao exposto no apartado 7.B.- e advirto dun exceso sen xustificar nas previsións iniciais dos capítulos 1 (impuestos directos), 2 (impuestos indirectos) e 4 (transferencias correntes).

Insístise en que antes de executar gastos amparados en financiamento afectado é preceptivo que conste o compromiso firme de achega da correspondente subvención.

G.- En todo caso, a actuación municipal en tódolos ámbitos deberase de axustar plenamente e sen excepción ós principio de economía, eficacia e eficiencia con sometemento pleno a Lei e ó Dereito (artigos 3.1 da Lei 39/2015; 6.1 da LRBRL e 5.1 do ROF) (...)"

Visto o informe de intervención referencia LMR ORZAMENTO 2025 COMPLEMENTARIO có asunto **INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO NO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O EXERCICIO 2025** asinado o 02.03.2025 (CVD: 4TNt74Y8md7Qq9LRLzBl) coas seguintes conclusións:

"(...)IV) CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

O Orzamento de 2025 do Concello de Cambre cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento dacordo con a definición contida no SEC 95 e o obxectivo de débeda pública.(...)"

Vistas as Discrepancias de Alcaldía ao informe de intervención ao proxecto de orzamento municipal 2025 asinadas o 10.03.2025 (CVD: qzyW1nvEUWvdva7PzrO3):

"Discrepancias de Alcaldía ao informe de intervención ao proxecto de orzamento municipal 2025
Visto que un orzamento municipal é un documento de previsión de gastos e ingresos para o ano 2025



Visto que a intervención municipal non fai reparos suspensivos ao orzamento por non ser un documento obxecto de fiscalización

Visto o informe de intervención ao orzamento municipal 2025, de data 02.03.2025

Compre puntualizar unha serie de cuestións:

- 1. En relación coas bases de execución que teñen “reparo” formulado pola intervención municipal cabe sinalar:*

- 1.1. En relación coa Base Décima, que nada ten que ver os niveles de vinculación co cumprimento ou non dos artigos 5.5 e 6.1 do RD 861/1986, do 25 de abril, porque o cumprimento ou non cumprimento de estos artigos deberá informarse no seu debido momento e non se desvirtúa para nada esa obriga ao estar vinculados ditos créditos con todo o capítulo 1. Vinculación que está vixente no Concello de Cambre dende hai varios exercizos sen que interventores anteriores puxeran reparo algún a esta vinculación*

- 1.2. Base Vixésimo Terceira. Mantense igual que nas bases do orzamento de 2024. A devandita previsión da resposta os casos, nos que, mediante o procedemento correspondente de xustificación da súa necesidade e a imposibilidade de faclo con medios propios, a lei permite a externalización de servizos como poden ser a dirección de obra.*

- 1.3. Base Trixésimo Segunda. Compre sinalar que a alusión a que non respecta a literalidade do Regulamento aprobado no pleno do 04.11.2020, non é correcta por canto a referencia non se fai ao Regulamento aprobado senón ao acordo plenario, adoptado que literalmente se transcribe como sigue:*

“ Único: Establecer o Réxime de fiscalización e intervención limitada previa, completada cun control posterior, respecto dos expedientes municipais da forma seguinte:

- 1.- A fiscalización previa de dereitos substitúese pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría, de acordo co disposto no artigo 219.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

- 2.- A fiscalización e intervención previa das obrigas ou gastos, de conformidade co disposto no artigo 219.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:*

- a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.*

- b) Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.*

- c) Que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente.*

- d) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, en relación á fiscalización previa limitada no Estado.*

- e) Nos expedientes que resulte preceptivo o informe do artigo 173 do ROF, a existencia do informe favorable.*

3.- Naqueles casos que a normativa estableza a necesidade de informe de intervención e o expediente estea suxeito a fiscalización ese informe entenderase subsumido dentro do informe fiscalizador.

As obrigas e gastos sometidos á fiscalización limitada previa serán obxecto doutra plena con posterior, que se levará a cabo no marco das actuacións de control financeiro.”

Visto dito acordo plenario, e visto que o RD 424/2017, de 28 de abril, sinala no artigo 20.3: “Los órganos gestores deberán solicitar al órgano interventor, o en quien delegue, su asistencia a la comprobación material de la inversión cuando el importe de esta sea igual o superior a 50.000 euros, con exclusión del Impuesto sobre el Valor Añadido, y sin perjuicio de que las bases de ejecución del presupuesto fijen un importe inferior, con una antelación de veinte días a la fecha prevista para la recepción de la inversión que se trate”, a redacción proposta da base de execución do presupuesto respecta o previsto na normativa e no regulamento municipal.

1.4. Base Cuadraxésimo cuarta: esta base é idéntica a do exercicio 2024 sen que, no informe ao orzamento de 2024 fose reparada pola intervención municipal, polo que se entende que a súa redacción respetaba nese momento o ordenamento vixente, non se esgrime ningún cambio legislativo que esixa unha redacción diferente

1.5. Base Cuadraxésimo Quinta: a motivación das subvencións nominativas xa veñen expostas no Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo pleno, e as subvencións nominativas previstas se axustan ó referido Plan, polo que se entende que a motivación prevista no Plan é suficiente.

1.6. Base Cuadraxésimo Sexta. A modificación desta base ven motivada, precisamente polos informes aos que alude a propia interventora porque, tal e como sinala a propia Lei Xeral de Subvencións no seu artigo 13.2.g) “No hallarse al corriente de pago de obligaciones por reintegro de subvenciones en los términos que reglamentariamente se determinen.”

Non dándose esa situación, ter aberto un expediente de reintegro, a lei non o prohíbe, de aí a modificación desta base que redundará positivamente en axilizar a sinatura de convenios e poder avanzar nesa idea de cumprir co principio de anualidade.

2. En relación coa análise de gastos, sinalar o dito anteriormente que se trata dunha previsión cuxas explicacións correspondentes aparecen na memoria de alcaldía. Simplemente apuntar unha serie de cuestión:

2.1 . Capítulo 1 . En relación ao descuadre entre créditos consignados no capítulo 1 e anexo de persoal, débese a que se baixaron os créditos de gratificacións e productividades pero non se fixo á baixa correspondente á seguridade social. Entendendo que o feito de que se presuposte de máis non supón problema algún por ser, este documento, unha previsión de gastos e ingresos e os créditos son suficientes para cubrir os gastos de persoal.

Aclarar tamén que si ben é certo que se prevé créditos para unha hipotética suba das dedicacións dos concelleiros de goberno, iso é unha previsión que de facerse efectiva tería que pasar por acordo plenario, e non está en previsión de esta alcaldía levar dita proposta a pleno polo de agora. Insisto, é unha previsión a futuro que non ten por qué materializarse. O mesmo ocorre con outros postos que,



sen aparecer no anexo de persoal, por non existir a día de hoxe, sí se orzamentan por si ao longo do ano se puideran crear e contar así xa co crédito necesario.

Compre sinalar neste apartado que se fai mención, en relación as retribucións dos cargos electos a un acordo plenario de 2023 cando debería constar o último acordo plenario adoptado sobre este asunto que é de data 30.05.2024. **Solicito se proceda a incluír esta subsanación, mediante unha corrección de erros, ao cometerse un erro na data do acordo plenario.**

2.2. En relación co capítulo 2, coñece a intervención municipal o traballo que se está a facer para licitar os pregos de servizos básicos e, tendo en conta as datas nas que nos atopamos, é de coñecemento público que o RC que se solicitará no seu momento para poder licitalo non vai a ser polo importe íntegro do ano porque xa nos atopamos en marzo.

2.3. En relación coa capítulo 4, sinalar que non consta actualización do Plan Estratéxico de Subvencións porque, tal e como se recolle no propio Plan aprobado no pleno de 27.06.2024 “Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvencións existentes, cando a modificación consista na variación do importe asignado á mesma, sempre que o resto de componentes desta permanezcan sen cambios, fiato que deberán acreditarse no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.

Comprobado que o sinalado se cumpre, entende esta alcaldía que non é preciso a actualización do PES.

3. Capítulo de ingresos: visto que a día de hoxe están aínda sen contabilizar todos os ingresos do exercizo 2024 polo que, esta alcaldía, cando fixo o orzamento tivo que basearse en previsións porque os datos cos que contaban tampouco reflexaban realmente os ingresos reais

Tendo en conta todo o exposto, **Solicito**

Se continúe coa tramitación correspondente para levar ao pleno ordinario de marzo a proposta para aprobar o orzamento municipal 2025 (...)

Vista a dilixencia de intervención asinada o 14.03.2025 (CVD: ntdDycROd3fxWg338zAO):

“(...) Á vista dos antecedentes, emito a seguinte DILIXENCIA:

PRIMEIRO.- De conformidade có artigo 162 do TRLFL o orzamento municipal é a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obligacións que, como máximo, pode recoñecer a entidade local e dos dereitos que prevexa liquidar durante o correspondente exercicio. Isto é, para os gastos configúrase como un límite máximo e non como unha estimación como detalla a alcaldía ao dicir “Visto que un orzamento municipal é un documento de previsión de gastos...”

SEGUNDO.- A emisión do informe ao proxecto de orzamento corresponde, ao abeiro do artigo 168.4 do TRLFL, á intervención municipal é inclúese no exercicio do control financeiro que o artigo 2.b) do RD 128/2018 de 16 de marzo por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional reserva a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional pertencentes á subescala de intervención-tesourería.

TERCEIRO.- O artigo 165.1 do TRLFL refírese ás bases de execución do orzamento nos seguintes termos:

*(...)Asimismo, incluirá las bases de ejecución, que contendrán la **adaptación** de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia entidad, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, **sin que puedan modificar lo legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieran legalmente procedimiento y solemnidades específicas distintas de lo previsto para el presupuesto(...)**"*

No informe LMR ORZAMENTO 2025 (CVD: RHL6Gq+QSejfro0Tooxg) formulei reparos á legalidade das bases de execución 10ª, 23ª, 32ª, 44ª, 45ª, 46ª e 47ª do proxecto de orzamento 2025 que, visto que non están solventados, debo reiterar:

- **BASE DÉCIMA: NIVEL DE VINCULACIÓN JURÍDICA DOS CRÉDITOS:** coa finalidade de no exceder da cuantía global consignada para o complemento de produtividade (920.150.00) e para o complemento de gratificacións (920.151.00) e así respectar o disposto nos artigos 5.5 e 6.1 do RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, as citadas aplicacións deberían ser vinculantes en si mesmas.
- **BASE VIXÉSIMO TERCEIRA: RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS:** verificase unha modificación na redacción con respecto ao texto que reflectía nos exercicios anteriores a 2024 por canto elimina a obriga de que as facturas precisen contar coa sinatura do técnico municipal ou persoal competente que acredite a correcta execución, establecendo a posibilidade de que tal cometido sexa realizado por un técnico externo. Incluso permite que o acto de sinatura dunha factura sexa substituído por un informe técnico. En canto ás memorias valoradas que acompañen ás certificacións de obra a redacción proposta, a diferenza de exercicios anteriores, non exige a conformidade do técnico municipal responsable.

Faise preciso advertir que no ámbito local, o artigo 92.3 da LBRL, establece que: "Corresponde exclusivamente a los funcionarios de carrera al servicio de la Administración local el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales. Igualmente son funciones públicas, cuyo cumplimiento queda reservado a funcionarios de carrera, las que impliquen ejercicio de mejor garantía de la objetividad, imparcialidad e independencia en el ejercicio de la función".

O artigo 9.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público di: "En todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca".

Segundo a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 1 de febreiro de 2017 (C-395/2015, asunto Comisión v. Hungría), enténdese por poder público o exercicio de facultades decisorias, de coacción ou coerción, que se traducen na capacidade de actuar con independencia da vontade doutros suxeitos ou mesmo en contra da vontade dos mesmos. En canto á incidencia das facultades de supervisión no exercizo das potestades públicas, a doutrina do Tribunal Supremo (SSTS, de 24 novembro de 2009; 2 de setembro de 2012; do 28 de outubro de 2014 e 22 de abril de 2019) establece que, cando as actividades de execución material ou de apoio técnico se vinculan a actuacións de seguimento, vixilancia, inspección ou control, o seu alcance esténdese ao exercicio de potestades administrativas, carecendo o persoal contratado, por sociedades mercantís ou empresas públicas carentes de funcionarios, de título habilitante para exercelas.

En definitiva, aínda que as persoas, alleas á función pública, poidan desenvolver certas actividades técnicas ou de execución material, cando a Administración non teña medios para iso, non se pode xerar unha aparencia de bo dereito, acudindo a denominacións como: asesoramento, apoio, asistencia ou soporte técnico, cando estas actividades, realmente, forman parte da propia actividade administrativa nun contexto de seguimento e control.

A externalización pois, atopa o seu límite na imposibilidade de delegación dunha potestade pública e, como di Lagoa de Paz (no seu artigo "Regulación, externalización de actividades administrativas y autorregulación", publicado na Revista de Administración Pública, núm. 185 (2011), páx. 105) "sólo la Administración cuenta con la legitimación, organización y régimen jurídico que justifica dicha atribución".

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 25 de maio de 2009, en relación cunha encomenda de xestión a unha Fundación pública para a xestión e seguimento de accións formativas conclúe que a comprobación de entregas de material, a comprobación de controles de seguimento, a verificación de soportes didácticos ou a verificación dunha asistencia, para que sexan eficaces en sí mesmo, comportan o exercicio de potestades administrativas. E a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 12 de marzo de 2012, di que : <<el ejercicio de la actividad de inspección y control respecto del cumplimiento de condiciones de subvenciones comunitarias supone el ejercicio de potestades administrativas que se encuentran reservadas a funcionarios públicos no pudiéndose encomendar a personas que carezcan de dicha condición>>.

Analizando as conclusións das sentenzas citadas, o Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía entende como participación no exercizo de potestades públicas, todas aquelas actividades que implican: comprobación, verificación, inspección e control, así como as actividades indirectas que se realizan como apoio ou auxilio de procedementos administrativos.

Recórdase que previamente ao recoñecemento das obrigacións haberá de acreditarse documentalmente ante o órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto (art. 59.1 RD 500/1990), que aos técnicos municipais se lles está a retribuir no complemento específico polo control de obras, servizos e subministros e que, ao abeiro do artigo 216.2.d) do TRLFL, os reparos que deriven das comprobacións materiais de obras, servizos e subministros teñen carácter suspensivo polo que é preceptivo que a citada base recupere a redacción dos derradeiros exercicios.

- o **BASE TRIXÉXIMO SEGUNDA: CONTROL E FISCALIZACIÓN:** a redacción no apartado 1.- **NON** respecta a literalidade do Regulamento de control interno do Concello de Cambre aprobado polo Pleno da sesión do 04.11.2020 cuxo artigo 14 regula o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos nese seguintes termos:

1. De conformidade con lo establecido en el artículo 13 del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, se establece el régimen de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos de los actos de la Entidad Local, en adaptación del Acuerdo del Consejo de Ministros por los que se apruebe la realización de las áreas de Gasto (será imprescindible la previa adopción del correspondiente acuerdo por parte del Pleno de la Entidad Local, pues así se recoge expresamente en la normativa referida).

2. En estos casos, el órgano interventor se limitará a comprobar los requisitos básicos siguientes:

a) La existencia de crédito presupuestario y que el propuesto es el adecuado a la naturaleza del gasto u obligación que se proponga contraer. Se entenderá que el crédito es adecuado cuando financie obligaciones a contraer o nacidas y no prescritas a cargo de la tesorería que cumplan los requisitos de los artículos 172 y 176 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

En los casos en los que el crédito presupuestario dé cobertura a gastos con financiación afectada se comprobará que los recursos que los financian son ejecutivos, acreditándose con la existencia de documentos fehacientes que acrediten su efectividad. Cuando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual se comprobará, además, si se cumple lo preceptuado en el Art. 174 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

b) Que las obligaciones o gastos se generan por órgano competente. En todo caso se comprobará la competencia del órgano de contratación o concedente de la subvención cuando dicho órgano no tenga atribuida la facultad para la aprobación de los gastos de que se trate.

c) Aquellos otros extremos que, por su trascendencia en el proceso de gestión, se determinen por el Pleno a propuesta del presidente previo informe del órgano interventor.

d) Aquellos otros extremos trascendentes que, con independencia de que el Pleno haya dictado o no acuerdo, se establezcan en el proceso de gestión los extremos fijados en el Acuerdo del Consejo de Ministros, vigente en cada momento, con respecto al ejercicio de la función interventora en régimen de requisitos básicos, en aquellos supuestos que sean de aplicación a las Entidades Locales.

3. No obstante, será aplicable el régimen general de fiscalización e intervención previa respecto de aquellos tipos de gasto y obligaciones para los que no se haya acordado el régimen de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, así como para los gastos de cuantía indeterminada.

4. Las obligaciones o gastos sometidos a la fiscalización e intervención limitada previa serán objeto de otra plena o posterioridad, en el marco de las actuaciones del control financiero que se planifiquen en los términos recogidos en el título III de este Reglamento.

No obstante lo anterior, el titular de la Intervención Municipal se reserva la facultad, en casos excepcionales en que así lo considere necesario, cuando a juicio del órgano Interventor se puedan producir perjuicios graves o quebrantos económicos para la Hacienda municipal, de fiscalizar con carácter previo y pleno determinados expedientes o bien comprobar determinados extremos adicionales no contemplados que resulten precisos, debiendo dejar constancia de las actuaciones comprobatorias y su resultado en el expediente.”

Por otra banda compróbase que con respecto ao texto que reflectía nos exercicios anteriores a 2024 base de execución 32ª elévase o importe a partir do cal os órganos xestores deberán solicitar á intervención municipal, ou ao técnico municipal en quen delegue, a súa asistencia á comprobación material do investimento pasando de 15.000 IVE excluído a 50.000 IVE excluído. Isto provoca un menoscabo no exercicio do control interno que por lei corresponde a esta intervención.

- o BASE CUADRAXÉSIMO CUARTA: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. (erroneamente non foi obxecto de reparo por parte desta intervención no exercicio 2024, pois a sentenza do TS que se cita a continuación é do ano 2002).

Non se axusta á legalidade o apartado 5.- no referido a “...Tratándose de gastos xurídicos, terán dereito a ser resarcidos de todos os gastos nos que incurran por razón do seu cargo...” dado que o principal requisito para que o concello fágase cargo deste gasto é a ausencia de responsabilidade penal do membro da corporación. Asemade, únicamente poerán asumirse os gastos que realmente fosen “necesarios” para o proceso sen que se poidan atender importes abusivos ou excesivos orixinados por intervencións letradas alleas, que haberán de ser excluídos os gastos e aqueloutros cuxo devedor non sexa obrigado.

Polo tanto, è preceptivo que se definan os supostos específicos que estarían amparados baixo a denominación de “gastos xurídicos”, as normas que regulen o seu devengo, o órgano competente e o procedemento de aprobación do gasto así como límites ás cuantías que poderán, no su caso, ser asumidas polo concello coa finalidade de evitar un quebranto á facenda municipal.

En todo caso, para que os membros da Corporación teñan dereito a ser indemnizados polos gastos de defensa e representación en uízo débese cumprir o determinado pola Sentenza do TS do 4 de febreiro de 2002 a cal indica que:

“(…)Tratándose de gastos de representación y defensa en un proceso penal, la Corporación puede, en uso de la autonomía local, considerarlos como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, siempre que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad local. Para ello es necesario que se cumplan las siguientes exigencias:

a) Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en la intervención del miembro de la Corporación en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como tal miembro de la Corporación o en cumplimiento o desarrollo de acuerdos de los órganos de ésta. Estos gastos debe entenderse, en principio, que se trata de gastos generados con ocasión del ejercicio de sus funciones, pues la causa remota de la imputación penal radica en una conducta de estas características.

b) Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de la función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

c) Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de éstos o su carácter lícito. De haberse contraído responsabilidad criminal no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas. De no haberse probado la falta de participación en hechos penalmente reprochables, aun cuando concurren causas subjetivas de exención o de extinción de la responsabilidad criminal, cabe estimar, en atención a las circunstancias, que los gastos de defensa no dimanen del ejercicio de las funciones propias del cargo, dado que no puede considerarse como tales aquellas que objetivamente hubieran podido generar responsabilidad criminal.

Este último requisito dimana del hecho de que la responsabilidad penal es de carácter estrictamente personal e individual, pues descansa en el reconocimiento de la culpabilidad de la persona. En consecuencia, la carga de someterse al proceso penal para depurar dicha responsabilidad es también, en principio, de naturaleza personal.

De este principio general deben sin embargo excluirse aquellos supuestos en los que el proceso conduce a declarar inexistente la responsabilidad penal por causas objetivas ligadas a la inexistencia del hecho, falta de participación en él, o carácter lícito del mismo. En este supuesto, en efecto, el imputado lo ha sido por indicios creados por una apariencia falsa, a los que el ordenamiento jurídico da incluso en algunos casos el tratamiento propio de un error judicial objetivo (v. gr., artículo 294 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, interpretado por la jurisprudencia). El carácter suficiente o no de la exculpación o absolución para determinar el carácter indemnizable de los gastos de representación y defensa debe ser apreciado en cada caso examinando las circunstancias concurrentes a tenor de las decisiones adoptadas por los Juzgados y Tribunales del orden jurisdiccional penal (...)

- o **BASE CUADRAXÉSIMO QUINTA: AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS:** de conformidade có artigo 22.1 da LXS o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarse en réxime de concorrencia competitiva que é un procedemento no que a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas dacordo con os criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria. Por tal motivo, deberíase motivar as razóns de interese público que non permiten ou non fan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia con respecto á proposta de subvencións nominativas.
- o **BASE CUADRAXÉSIMO SEXTA: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS:** como novidade con respecto á súa redacción en exercicios anteriores a 2025, incorpóranse os seguinte parágrafos, os cales, non se axustan ao establecido no artigo 13.2.g) da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións:

“...Poderase aprobar por resolución de alcaldía, o outorgamento de subvencións nominativas e o convenio de colaboración que regule os dereitos e obrigas das partes, correspondentes á anualidade 2025, así como a conta xustificativa que se presente polos beneficiarios, aínda que non se teña aprobado o outorgamento de subvencións nominativas e convenio de colaboración correspondente a anualidades anteriores ao exercicio 2025

A súa aprobación non conlevará a imposibilidade de tramitar expedientes correspondentes á anualidades previas ao 2025, que non estivesen concluídos, nin condicionará a orde na súa tramitación. En todo caso deberá existir dispoñibilidade orzamentaria derivada de créditos inicialmente aprobados no orzamento, por non ter sido comprometidos gasto ou recoñecidas obrigas no exercicio ou ben por modificacións orzamentarias...”

De feito chama poderosamente a atención que despois de telo advertido de forma reiterada nos informes de fiscalización referidos a expedientes de concesión de subvencións a beneficiarios que teñen subvencións pendentes de xustificar de exercicios anteriores, a alcaldía propoña a inclusión dos parágrafos antes transcritos nas bases de execución do orzamento o cal, en modo algún, lle daría cobertura legal á concesión e/ou pago de subvencións a entidades que tivesen xustificacións pendentes de presentar e/ou aprobar. Esta última advertencia extenderíase tamén á BASE CUADRAXÉSIMO SÉTIMA.



CUARTO.- Tal e como indiquei no punto PRIMEIRO da presente dilixencia o estado de gastos do orzamento non se configura como unha estimación senón como unha limitación ás obrigas que, como máximo, se poden recoñecer no exercicio orzamentario. Ademais, de conformidade có artigo 165.1.a) do TRLFL Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigacións.

CUARTO.1.- En canto ás discrepancias formuladas pola Alcaldesa aos reparos formulados por esta intervención ao capítulo 1 do estado de gastos do orzamento:

CUARTO.1.1.- “(...)En relación ao descuadre entre créditos consignados no capítulo 1 e anexo de persoal, débese a que se baixaron os créditos de gratificacións e productividades pero non se fixo á baixa correspondente á seguridade social(...):

O indicado pola Alcaldesa pode explicar o feito de que o total de créditos consignados no capítulo 1 de gastos ascenda a 7.931.270,43 € e no anexo de persoal a 7.921.120,32 € pero en modo algún xustifica os motivos que fundamentan a consignación de 619.308,30 € na aplicación orzamentaria 920.143.00.

CUARTO.1.2.- “(...)Aclarar tamén que si ben é certo que se prevé créditos para unha hipotética suba das dedicacións dos concelleiros de goberno, iso é unha previsión que de facerse efectiva tería que pasar por acordo plenario, e non está en previsión de esta alcaldía levar dita proposta a pleno polo de agora. Insisto, é unha previsión a futuro que non ten por qué materializarse (...)”

A previsión a futuro da alcaldía de incrementar a retribución das **concellerías delegadas con dedicación exclusiva (a excepción do cargo de alcalde) e parcial, supón unha subida no ano 2025 de 3.000,00 €/ano cada unha delas con respecto ao 2024, o que significa un incremento aproximado do 9'50 %, e polo tanto, sen amparo na normativa á cuxa evolución de condicionaron, esto é, sen amparo la Lei de orzamentos xerais do Estado.**

A solicitude de alcaldía para “que se proceda a incluír esta subsanación, mediante unha corrección de erros, ao cometerse un erro na data do acordo plenario” debe remitirse á Unidade de Réxime Interior dado que o documento ao que afecta a corrección foi elaborado polo citado departamento.

CUARTO.1.3.- “(...) O mesmo ocorre con outros postos que, sen aparecer no anexo de persoal, por non existir a día de hoxe, sí se orzamentan por si ao longo do ano se puideran crear e contar así xa co crédito necesario (...)”

Parece existir unha lixeira confusión entre anexo de persoal e relación de postos de traballo pois o que manifestou esta intervención no informe de 02.03.2025 (CVD: RHL6Gq+QSejfro0Tooxg) foi que “(...)Inclúense os créditos correspondentes a postos de traballo que non figuran na RPT vixente(...)”.

CUARTO.1.4.- Reitéranse os seguintes reparos ao capítulo 1 de gastos respecto dos cales a alcaldesa non formulou discrepancia:

a) O anexo de persoal (CVD: nx/G4Vi18aFvJ4TEWzga) contempla na partida PARTIDA 920: SERVICIOS XERAIS. FUNCIONARIOS a consignación correspondente a 3 interinos A1, dos cales, un deles corresponderíase cós créditos necesarios para asumir a contratación por acumulación de SA por un período de 9 meses (res. Res. da concelleira delegada da área de servizos sociais e recursos humanos nº 1333/2024 de 7 de novembro).

Non se trataría dunha necesidade temporal senón estrutural. De feito, sobre a secretaría xeral tense manifestado de forma reiterada sobre a insuficiencia de medios con que conta, entre outros nos seguintes informes/escritos: informe de datas 6 de setembro de 2022 (CVD: mC0GBc+nZPQlCx9x4BEG)- que se reiterou no escrito de data 7 de novembro de 2022(CVD: gc/ahUD6yUbV78ZVsbhH)- , escrito de 14 de marzo de 2023 (

CVD:Aq80Qdmv/uzRgw041f), que figura anexo ao informe de control exercicio 2022(CVD: d0kWi1sG7fK+2UahUQp8) ; informes de datas 11 de marzo de 2024 (CVD: 7DrGL1XVI6IfMjE79xnc) 2 de abril de 2024 (CVD: UIHNLi+X/rLn/JWGE4BC) , 19 de abril de 2024, (CVD:9ahWecQ5IFItemM1P/zS), nota informativa 32/2024, de 14 de maio de 2024(CVD: UXFiuf4jd56llRK3o277)Informe de 23 de maio de 2024 (CVD: AqHoBI7LdTtq4SJ6A3BF,) escritos de datas 26 de agosto de 2024 (CVD: b47Uwle5x5m1SleWzuq) , 28 de agosto de 2024 (CVD: 1SEp3V8UhDw0Am7xZbbb) , informe de data 10 de setembro de 2024 (CVD: iNh/5Z+1V1D46iA/lcD1), escrito de data 7 de outubro de 2024(CVD: rZfnVPzQIS5jlhsn3roE), informe de data 30 de outubro de 2024 (CVD: iTemKcUTPdpCb/ISGybh) nota informativa de Secretaría 113/2024 (CVD: XB9PoBv1JtoJ+Twg3ZJg) e escrito de data 21.02.2025 (CVD: Wa5crAewSKYQt5zpzXYZ).

b) Se ben a memoria de alcaldía refírese a que no capítulo 1 de gastos recóllense os “A1 que se pretenden crear en secretaría, intervención e cultura, para solventar eivas de persoal que hai nesas tres departamentos”, tal manifestación falta á verdade posto que os créditos correspondentes a tales postos non se reflicten no anexo de persoal (CVD: nx/G4Vi18aFvJ4TEWzga) o que, tal e como advertín no meu informe LMR MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAÑO /2025 (CVD: FJDiwGdWJ9Boo8CMuTqb) , infrinxe o artigo 38.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia

c) Advírtese no anexo de persoal (CVD: nx/G4Vi18aFvJ4TEWzga) da inexistencia de praza necesaria para a prestación dun servizo obrigatorio xestionado de forma directa polo Concello como é o servizo de cemiterio. Nos expedientes relativos a apertura de nichos do cemiterio municipal, concesións de dereito de uso funerario e renuncias aos memos figura un documento asinado pola persoa que ven realizando os enterramentos no cemiterio municipal de Cambre, don JMCV , sen que nos documentos emitidos por este conste mención algunha ao posto, cargo ou departamento ao que estea adscrito. Consultados os arquivos desta entidade local, advertiuse (agás erro ou omisión involuntaria):

* Que as funcións ou tarefas que implica a realización de enterramentos non constan atribuídas a ningún posto de traballo da Relación de Postos de Traballo do Concello.

* Que non existe formalizada -mediante contrato ou nomeamento- vinculación laboral o funcional entre don JMCV e esta entidade local.

* Que a realización das inhumacións e exhumacións no Cemiterio municipal é un servizo xestionado de xeito directo ao non ter sido obxecto de adxudicación e posterior formalización de contrato administrativo con tal obxecto.

O servizo de cemiterio municipal é , pois, xestionado de xeito directo polo Concello de Cambre o que determina que as persoas que desenvolven as funcións inherentes á prestación de dito servizo deba ser persoal municipal (funcionario o laboral) pero en todo caso dependente da entidade local.

Advírtese, polo exposto, da irregularidade na que se atopa a prestación dos servizos de exhumación e inhumación que se ben realizando sen existir contrato ou nomeamento que ampare o desenvolvemento de ditas funcións por determinada persoa, irregularidade que non constitúe soamente unha lesión dos dereitos dos traballadores (como o dereito a protección da saúde, a prevención de riscos ou o acceso as prestacións da seguridade social), senón tamén unha vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade que rexeen no acceso ao emprego público . Polo exposto infórmase da necesidade urxente de regularizar a situación

d) constátanse os seguintes erros: consignación de trienios en postos vacantes (por exemplo, na PARTIDA 132: SEGURIDADE. FUNCIONARIOS), situacións administrativas obsoletas

(como por exemplo a do xefe de policía, a do inspector de policía ou a da funcionaria que subscribe), as anualidades que figuran no RESUMO ORZAMENTO PERSOAL, no RESUMO FUNCIONARIOS e no RESUMO LABORAIS refírense a exercicios anteriores a 2025.

CUARTO.2.- En canto ás discrepancias formuladas pola Alcaldesa aos reparos formulados por esta intervención ao capítulo 2 do estado de gastos do orzamento fundamentadas en que "(...)tendo en conta as datas nas que nos atopamos, é de coñecemento público que o RC que se solicitará no seu momento para poder licitalo non vai a ser polo importe íntegro do ano porque xa nos atopamos en marzo(...)".

Olvida a alcaldía que o exercicio orzamentario coincide có ano natural polo que os créditos consignados deben de ser suficientes, non só para asumir os gastos derivados da imputación proporcional dos servizos e subministros en licitación, senón tamén para cubrir os gastos correspondentes aos servizos e subministros en execución.

Tal e como indiquei no informe referencia LMR ORZAMENTO 2025 (CVD: RHL6Gq+QSejfro0Tooxg), o informe económico-financiero asinado pola Alcaldesa o 13.02.2025 (1OxyCEx29sPbIMsSCnGK) **non xustifica en modo algún que os créditos consignados son suficientes** senón que límitase a indicar as premisas sobre as que se debe realizar a súa cuantificación polo que incumpre o artigo 168.1.g) do TRLFL.

"3.2. SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES

A cuantificación dos créditos orzamentarios debe de realizarse partindo das premisas seguintes:

- a) Valoración da relación orzamentaria do persoal, incrementada respecto aos créditos iniciais orzamentados para o 2024, nun 2% tendo en conta que a data de realización do informe non se encontra aprobada a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2025.
- b) Os compromisos adquiridos con terceiros, mediante contratos, convenio, pactos ou acordos.
- c) A cuantificación das necesidades de gastos correntes e servizos facilitados polos diferentes departamentos administrativos.
- d) Os créditos necesarios para dar cobertura orzamentaria aos novos proxectos de investimento a iniciar no 2025, así como a obra plurianual de "Actuación no Pabellón Campons" financiada a través do PIREP.
- e) Os gastos previstos en concepto de transferencias correntes e de capital dentro da actividade de fomento do concello para o exercicio 2025, así como para aquelas correspondentes á anualidades anteriores que se detallan na memoria de alcaldía."

Revisado o estado de gastos e ingresos asinado pola alcaldesa o 13.02.2025 (CVD: 7m/71Ypgule0aABrvP+) e comparados os datos que constan nel cós datos dos contratos verbais que están a amparar a prestación da práctica totalidade de servizos e subministros, có do prezo do contrato de "emerxencia" para a limpeza das instalacións municipais así como cós orzamentos bases de licitación que figuran nos expedientes que se foron sometendo a informe desta intervención resulta que os créditos consignados no capítulo 2 de gastos non serían suficientes para asumir o coste da prestación de servizos e subministros no exercicio 2025.

Recórdase que, de conformidade có artigo 170.1.c) do TRLFL a insuficiencia dos gastos orzamentados con respecto ás finalidades para as cales está previsto é motivo de reclamación administrativa ao orzamento xeral.

CUARTO.3.- En canto ás discrepancias formuladas pola Alcaldesa aos reparos formulados por esta intervención ao capítulo 4 do estado de gastos do orzamento:

Se debe precisar que segundo o disposto no artigo 5.1 da Lei de Subvencións de Galicia, o Concello deberá establecer un Plan Estratégico de subvencións, poñendo de manifesto no mesmo os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo para a súa consecución, os custos previsibles e as fontes de financiamento. No mesmo sentido se pronuncia o artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións. Non consta actualización do Plan Estratégico de Subvencións para o exercicio 2025 o cal é motivo de reparo.

Tendo en conta que a concesión en réxime de concorrencia competitiva é o procedemento ordinario de concesión, deberíase motivar as razóns de interese público que non permitan ou non fazan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia con respecto á proposta de subvencións nominativas.

Advirto por escrito que non constan consignados os créditos necesarios para asumir os custes derivados do cofinanciamento das escolas infantís de O Temple e de A Barcala (2025.323.451.00) nin o correspondente ás achegas ao Consorcio As Mariñas (2025.311.467.00, 2025.943.467.00)

Con respecto ao manifestado na memoria de alcaldía en canto a que se prevé que subvencións de exercicios anteriores pendentes de conceder e/ou xustificar financiaranse “a través da incorporación de remanentes, unha vez se liquide o orzamento municipal do exercicio 2024”, no seu momento analizarase para cada caso concreto a procedencia contable de dita actuación dacordo có establecido no artigo 182 do TRLFL. Asemade recórdase que, a salvo das excepcións previstas no artigo 176.2 TRLHL, con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

QUINTO.- En relación ao capítulo de ingresos indica a Alcaldía que “(...)visto que a día de hoxe están aínda sen contabilizar todos os ingresos do exercicio 2024 polo que, esta alcaldía, cando fixo o orzamento tivo que basearse en previsións porque os datos cos que contaban tampouco reflexaban realmente os ingresos reais(...)”

Obviamente e tal e como acredita o ANEXO II. C.2 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2023 E AVANCE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2024 (CVD: SxOY2LIEFQbJl1T7hID5) tal manifestación falta á realidade, por canto pode comprobarse facilmente que o importe dos dereitos recoñecidos netos que resultan do avance 2024 ascenden a 17.836.289,56 €.

Asemade as cifras dos Derechos Reconocidos Netos 2024 que constan no informe de intervención referencia LMR ORZAMENTO 2025 refírense á data de sinatura do citado informe, isto é, a data 02.03.2025. De feito, pode verse que ditos importes son superiores aos do avance da liquidación 2024 asinado pola alcaldía (CVD: SxOY2LIEFQbJl1T7hID5).

Polo tanto, reitero que existe exceso sen xustificar nas previsións iniciais dos capítulos 1 (impuestos directos), 2 (impuestos indirectos) e 4 (transferencias correntes).

Esto é importante porque a real e efectiva nivelación orzamentaria queda condicionada, non só a un estricto control e planificación do gasto municipal durante o exercicio 2025, senón e á efectiva realización dos ingresos polos importes previstos (...)

De conformidade cos artigos 168 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLFL) e 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

Propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2025, xunto cos seus anexos e Bases de execución, por importe de 20.885.058,19 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	<u>TOTAL</u>
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	7.151.536,09 €	1 GASTOS DE PERSOAL	7.931.270,43 €
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	310.000,00 €	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	9.205.819,87 €
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	3.099.750,00 €	3 GASTOS FINANCEIROS	96.500,00 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.517.136,83 €	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.291.490,60 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	565.743,98 €		
Total Operacións Correntes	19.644.166,90 €	Total Operacións Correntes	18.525.080,90 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS		6 INVESTIMENTOS REAIS	2.322.977,29 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.220.891,29 €	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	17.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.220.891,29 €	Total Operacións de Capital	2.339.977,29 €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8 ACTIVOS FINANCEIROS	20.000,00 €	8 ACTIVOS FINANCEIROS	20.000,00 €
9 PASIVOS FINANCEIROS		9 PASIVOS FINANCEIROS	
Total Operacións financeiras	20.000,00 €	Total Operacións financeiras	20.000,00 €
TOTAL INGRESOS	20.885.058,19 €	TOTAL GASTOS	20.885.058,19 €

Segundo: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, así como no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2025.

Terceiro: Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2025 segundo se transcribe a continuación:

CADRO PERSOAL 2025

FUNCIONARIOS

<u>Denominación da Praza</u>	<u>PAZAS</u>	<u>GRUPO-SUBGRUPO</u>	<u>Escala</u>	<u>Subescala</u>	<u>Clase</u>
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación estatal	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	

Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria- arquivista	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente de desenvolvemento local	3	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de promoción económica	1	A1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico- financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Traballadora social	3	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Oficial policía local	2	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servicios especiais	Policía Local
Administrador sistema informático	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares

Informático auxiliar	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Auxiliar biblioteca-arquivo	7	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servicios especiais	Cometidos especiais
Conserxes	18	Outras agrupacións profesionais	Administración Xeral	Subalterna	
Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Personal de oficios
Oficial obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Personal de oficios
Operario condutor	2	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Personal de oficios
Operario servizos	3	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servicios especiais	Personal de oficios
PERSONAL EVENTUAL					
Denominación posto de traballo			Número de prazas		
Asesor/a Alcaldía			1		
Asesor/a Alcaldía			1 (85% da xornada)		
Asesor /a de Cultura, Deportes e Xuventude			1		
Asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos			1		
Asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente			2		
Resumo					
Personal funcionario			133		
Personal eventual			6 (un ao 85% da xornada)		

O expediente exporase ao público na Intervención municipal polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Cadro de Personal do ano 2025, de conformidade co disposto no artigo 126 do real Decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes do Réxime local, remitindo copia ao Ministerio de Administracións Públicas, e ao órgano competente en materia de réxime local da Comunidade Autónoma,



dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación integra no *Boletín Oficial da Provincia* xunto co resumo do orzamento.»

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 31/2025, de data 20 de marzo de 2025 (CVD: oiNlrIFJdntvF6SOpterB), na que se informa desfavorablemente o expediente nos extremos e polas consideracións que nela se conteñen, e que transcrita di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 31/2025

Remitido en data 19/03/2025 a esta Secretaría o expediente 2025/G006/000008, no que figura proposta da Alcaldía de data 18 de marzo de 2024 (CVD: enE8IRFmxIOJr1Ay85Cw) relativa á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para 2025 e aprobación do cadro de persoal , en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dira déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da técnica de xestión que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaria, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a síntese entraña. É por iso polo que as consideracións que se farán poderán ser posteriormente ampliadas e/ou matizadas, de ser preciso .

Sentado o anterior, e en relación ao expediente remitido, coas limitacións derivadas do sinalado fanse as seguintes consideracións:

A) Polo que respecta ao Anexo de persoal:

Comparte esta Secretaría o criterio desfavorable da intervención municipal verbo do Anexo de persoal exposto no informe de data 2 de marzo de 2025 (CVD: RHL6Gq+QSejfro0tOOXG) polas consideracións que nel se conteñen.

En todo caso, reitérase por esta Secretaría o xa informado na nota informativa de secretaria 32/2024, de 14 de maio de 2024(CVD: UXFiuf4jd56llRK3o277), verbo de que advírtese no cadro de persoal a inexistencia de praza necesaria para a prestación dun servizo obrigatorio xestionado de forma directa polo Concello. Esta consideración faise porque constatouse que a persoa que ven desenvolvendo os enterramentos no cemiterio municipal non é persoal do Concello nin consta contrato administrativo con este para a realización desta prestación.

Nos expedientes relativos a apertura de nichos do cemiterio municipal, concesións de dereito de uso funerario e renuncias aos memos figura un documento asinado pola persoa que ven realizando os enterramentos no cemiterio municipal de Cambre, don JMCV , sen que nos documentos emitidos por este conste mención algunha ao posto, cargo ou departamento ao que estea adscrito.

Consultados os arquivos desta entidade local, advertiuse (agás erro ou omisión involuntaria):

* Que as funcións ou tarefas que implica a realización de enterramentos non constan atribuídas a ningún posto de traballo

da Relación de Postos de Traballo do Concello.

* Que non existe formalizada -mediante contrato ou nomeamento- vinculación laboral o funcional entre don JMCV e esta entidade local.

* Que a realización das inhumacións e exhumacións no Cemiterio municipal é un servizo xestionado de xeito directo ao

non ter sido obxecto de adxudicación e posterior formalización de contrato administrativo con tal obxecto.

O servizo de cemiterio municipal é , pois, xestionado de xeito directo polo Concello de Cambre o que determina que as persoas que desenvolven as funcións inherentes á prestación de dito servizo deba ser persoal municipal (funcionario o laboral) pero en todo caso dependente da entidade local.



Advírtese, polo exposto, da irregularidade na que se atopa a prestación dos servizos de exhumación e inhumación que se ben realizando sen existir contrato ou nomeamento que ampare o desenvolvemento de ditas funcións por determinada persoa, irregularidade que non constitúe soamente unha lesión dos dereitos dos traballadores (como o dereito a protección da saúde, a prevención de riscos ou o acceso as prestacións da seguridade social) , senón tamén unha vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen no acceso ao emprego público .

Polo exposto reitérase o informado anteriormente verbo da necesidade **urxente** de regularizar a situación. A tal fin , a xuízo da que subscribe, debe procederse a incoar os expedientes, iniciar os procedementos e realizar cuantas xestións resulten oportunas ao obxecto de incluír na RPT un posto que contemple as funcións e tarefas relacionadas coa execución das inhumacións e exhumacións no cemiterio municipal, ou ben modificar algún dos existentes, se fose posible, para incluír nel ditas funcións.

E no suposto de crear un posto novo, procedería tamén crear a praza e proceder á convocatoria pública do procedemento selectivo que permita - garantindo asalvagarda dos principios de igualdade, mérito e capacidade – a cobertura de dito posto .

B) Comparte tamén a que subscribe o criterio desfavorable da intervención municipal verbo das bases de execución que son obxecto de reparo(décima, vixésimo terceira, trixésimo segunda, cuadraxésimo cuarta, cuadraxésimo quinta e cuadraxésimo sexta), polas consideracións que se indican no informe de intervención, ao que se engade:

- Verbo da necesaria conformidade das facturas por funcionario público, abonda o exposto pola intervención municipal o disposto no artigo 72 do vixente Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Admistracións Públicas, que, ao referirse á conformidade que nos contratos menores poderá facer ás veces de documento contractual a factura pertencente, indica na súa letra g) expresamente que incorpore “*la firma del funcionario que acredite la recepción*”

- Respecto das subvencións nominativas como se informou por esta Secretaría en anteriores ocasións, debe xustificarse a excepcionalidade da súa concesión, é dicir, explicitar o por qué se concede directamente a subvención a través dun convenio en lugar de seguir o procedemento normal de concesión de subvencións.

Como sinala a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana de data 5 de marzo de 2014, o uso da excepción reclama, , sen dúbida, unha xustificación explícita, certera.

Así, di a sentenza citada que:

“(.../...)La explicación es ineludible cuando existen una serie de valores - que el ordenamiento jurídico coloca en su frontispicio, que conforman la piedra de toque del mismo - que pueden quedar dañados:

- *publicidad y transparencia administrativa en la convocatoria de las subvenciones;*
- *objetividad e igualdad en la atribución de las ayudas públicas;*
- *logro real de los objetivos que determinan la existencia de una serie de ayudas extraídas de los fondos públicos;*
- *adecuado uso de tales fondos.*

Esos valores peligran si el Ente público que concede las subvenciones lo hace ateniéndose simplemente a los convenios que va firmando con terceras entidades deportivas.

d.- *De la lectura de la Ley General de Subvenciones cabe destilar una conclusión taxativa, segura - por más que no exista un enunciado normativo concreto que así lo disponga -: para excepcionar el régimen ordinario en la concesión de subvenciones públicas es preciso que obre, en el procedimiento administrativo, una justificación precisa que cimiente y habilite esa excepción. “*

C) En canto ao Anexo de Investimentos o informe de Intervención citado sinala, entre outras cousas, que: “*(.../...)Os investimentos con financiamento propio, tratáanse de proxectos xenéricos polo que non se cumpre có requisito de “denominación do proxecto” exixido polo artigo 13.4.b) do RD 500/1990 de 20 de abril.*”



Á vista do sinalado pola Intervención verbo deste extremo, infórmase que a falta de explicitación do contido mínimo esixible no anexo de investimentos pode constituir unha causa de invalidez do presuposto.

Neste sentido a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Málaga de data 31 de outubro de 2011 (que estima o recurso interposto anulando a aprobación definitiva do presuposto para o ano 2010 por parte da Asemblea da Cidade autónoma de Melilla), sinala que :

“...CUARTO.- Pues bien, revisando el anexo de inversiones del ayuntamiento demandado, se aprecia que el mismo refleja los siguientes datos: denominación de la inversión, partida y capítulo VI. Se puede entender que, en todo caso, aparecen programados el gasto, el código de identificación y la denominación del proyecto, o más bien, dada su indeterminación, el destino del gasto, según "programa", donde se prevé la asignación de recursos propios. Por tanto, la falta de indicación y explicación del contenido mínimo exigible en el anexo de las inversiones señaladas denota su falta de motivación y la imposibilidad de su control por terceros, por lo que procede la estimación de este motivo de impugnación.

(.../...)

SEXTA.- Como la estimación del recurso contencioso-administrativo podría afectar a la nivelación del presupuesto y en cumplimiento del art. 171.2 del texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, este Tribunal recabó el informe, previsto en esa norma, del Tribunal de Cuentas, que concluye que el impugnado presupuesto se han cumplido las condiciones de nivelación presupuestaria exceto por:

(.../...)d Carecer el anexo de inversiones de la información exigible en el art. 19 del RD 500/92, lo que impide conocer si los créditos consignados en el estado de gastos están debidamente ajustados a las obligaciones de comprometer en el ejercicio y si se corresponde adecuadamente con la financiación prevista.

(.../...)"

E a sentenza do Tribunal Supremo de data 8 de abril de 2014, que declara non haber lugar ao recurso de casación interposto contra a anteriormente citada sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía sinala, entre outras cousas, que:

“(.../...)Dicho lo anterior, la verdad es que para resolver el presente recurso de casación no es preciso pronunciarse, en términos generales, sobre si cabe la nulidad parcial de los presupuestos de las entidades locales.

Ocurre que, cualquiera que sea la respuesta que se dé a esta delicada cuestión, el elemento defectuoso de los Presupuestos Generales de la ciudad autónoma de Melilla para el año 2010 no era un concreto capítulo o partida, sino uno de los documentos que, con arreglo al apartado primero del art. 168 LHL, debe inexcusablemente acompañar al presupuesto. Y la razón por la que el Anexo de Inversiones, debidamente confeccionado y provisto de toda la información pertinente, es exigido por la ley reside, como no resulta difícil comprender, en que constituye un elemento imprescindible para poder pronunciarse sobre el conjunto de las previsiones presupuestarias. Todo presupuesto es una decisión eminentemente política de asignación de recursos, por lo que es perfectamente comprensible que la ley exija que se tome con el debido conocimiento de todas sus implicaciones; y entre éstas revisten muy particular importancia -precisamente por ser las más profundamente políticas- aquéllas que tienen que ver con inversiones, más que con gastos corrientes. Así las cosas, la argumentación del recurrente no puede ser acogida: no tendría sentido -según él expresamente pretende- "limitarse a la anulación del extremo referido", cuando ese extremo es un documento legalmente necesario para pronunciarse y, en su caso, para aprobar el presupuesto en su conjunto. Llevada a sus últimas consecuencias, la argumentación del recurrente conduciría a admitir que cabe la aprobación del presupuesto sin uno de los documentos legalmente requeridos o -lo que sería absurdo- que dicho documento, una vez subsanadas las deficiencias encontradas, podría ser incorporado al presupuesto una vez que éste estuviera ya en vigor.

Frente a cuanto queda expuesto, no sería convincente argüir que la irregularidad del Anexo de Inversiones podría determinar la nulidad de los capítulos presupuestarios relativos a inversiones; mas no los concernientes a otro tipo de gastos, como son destacadamente los gastos corrientes. La decisión presupuestaria es, como se ha visto, unitaria y, por ello mismo, la información atinente a inversiones puede tener influencia en la aceptación o el rechazo de otros capítulos o partidas del presupuesto. Éste ha de cuadrar, de manera que lo que suceda en una parte afecta a las obras. (.../...)"



D) A interventora municipal no su informe expón a insuficiencia dos créditos que indica para asumir os custos que especifica. (os sinalados no apartado F das conclusións do informe).

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmanse desfavorablemente os extremos anteriormente indicados.

Por outra banda e como tamén se informa pola intervención municipal, reitérase novamente o informado en anteriores ocasións verbo de que que é perentorio que se proceda a licitación dos contratos das prestacións que se están a executar en precario de acordo cos principios de igualdade, libre concurrencia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na Lei de Contratos do Sector Público.

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas, de ser preciso.natureza,»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen explica a proposta.

Interven en o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de abril de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de marzo de 2025 (CVD: enE8IRFmxIOJr1Ay85Cw)

2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:38:46 horas

A Sra. Presidenta intervén e manifesta que desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, a proposta de aprobación inicial da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Cambre, e que como non foi ditaminada en comisión informativa concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen di que tendo en conta o conflito laboral existente no concello, onde dende o mes de marzo leváronse a cabo varias concentracións esixindo melloras laborais; que tendo en conta que a Alcaldía xa puso sobre a mesa no pleno do mes de marzo que estaba o expediente da RPT rematado, e que se podía levar a pleno canto antes; que visto que o pasado día 1 de marzo os sindicatos, en reunión coa alcaldesa



e a edil de persoal aceptaron a dita proposta, di que de aí a urxencia de traer a pleno esta proposta para tentar conseguir estabilizar a situación laboral do concello, o que di que redunda no interese xeral dos cambreses, ao tempo que atende ás reivindicacións dos traballadores e contribúe a establecer a paz social no Concello de Cambre.

A continuación, solicita o uso da palabra a Sra. secretaria. A Sra. alcaldesa di que non, que non ten a palabra; que a secretaria fixo un informe no seu momento, que ela contestoulle que non estaba de acordo con ese informe e que van votar a urxencia.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da urxencia da proposta, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a urxencia da proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 3 de abril de 2025 (15 primeiros díxitos do CVD: 5I9yUOc+mSHPFTH_____).

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)
María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)
Pilar María Pastor Novo